

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

*Aprobación inicial da Ordenanza reguladora da protección dos camiños públicos, con motivo da execución de tallas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal*

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 22 de febreiro de 2018, aprobou, con carácter inicial, a Ordenanza reguladora da protección dos camiños públicos, con motivo da execución de tallas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ábrese un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes.

No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobada a citada ordenanza, publicándose integramente no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da LRRL.

Cambre, 2 de marzo de 2018.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente

P.D. (R.A. núm. 1841/2016, do 18 de novembro)

Juan González Leirós

2018/1718